

## Información xeral sobre a asignación de horarios e grupos

---

Curso 2023/24

### MATERIAS GRUPAIS

Poderase consultar o horario PROVISIONAL de todas as materias grupais na web do centro a partir do día 12 de xuño. O horario definitivo das mesmas publicárase en setembro, antes do día 8.

- CORO E ORQUESTRA/BANDA

Nestas materias o centro asignará o grupo que corresponda a cada alumno/a en función da súa especialidade, curso e as características de cada formación. O grupo asignado poderase consultar en CENTROSNET<sup>1</sup> a partir do 12/6/23.

- MATERIAS CON SOLO 1 GRUPO

Nas materias grupais nas que solo exista un grupo, como son idiomas aplicados ao canto e conxunto (excepto na especialidade de piano), o alumnado formará parte do grupo correspondente en función da especialidade e curso.

- DEMAIS MATERIAS CON VARIOS GRUPOS

No caso das materias grupais nas que o centro oferta varios grupos (Linguaxe musical, Educación auditiva e vocal, Harmonía, Novas tecnoloxías, Análise, Historia, materias optativas e itinerarios para 6ºGP) deberanse indicar as preferencias sobre a elección de horario das materias grupais no formulario de matrícula do curso correspondente<sup>2</sup>. Neste formulario deberase indicar todas as opcións posibles ordenadas segundo o interese de cada alumno ou alumna<sup>3</sup>.

---

<sup>1</sup> Na web do centro está dispoñible a [Guía de acceso a centrosnet](#) onde se indica como acceder á plataforma por primeira vez.

<sup>2</sup> Prazos de matrícula: alumnado do centro sen materias pendentes: do 12 ao 23 de xuño. Alumando con materias pendentes ou alumnado de novo acceso: do 29 de xuño ao 8 de xullo

<sup>3</sup> No caso de que o formulario non está correctamente cuberto ou incompleto o alumno/a perderá calquera dereito de preferencia na adxudicación.

Deberase ter en conta o horario das materias con un solo grupo (conxunto, idiomas, etc) e das materias de coro, orquestra e banda antes de cubrir o formulario, así coma a oferta de clases colectivas de grao elemental e as demais actividades complementarias.

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. Só no caso de grupos con asignación preferente en función da especialidade: terá preferencia o alumnado da/s especialidade/s indicadas en cada grupo comezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "V".
- 4º. O resto do alumnado empezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "V".

A adxudicación dos horarios destas materias poderase consultar na plataforma CENTROSNET a partir do día 18 de xullo.

- **MÚSICA DE CÁMARA**

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Realizarase de maneira presencial no centro, para o que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa autorizada que o/a represente.

Farase seguindo a seguinte orde:

- 1º. Grupos de maior a menor número de alumnos/as (quintetos, cuartetos, tríos e dúos)
- 2º. No caso en que coincidan varios grupos co mesmo nº de alumnos/as e co mesmo profesor/a, terá preferencia o grupo que corresponda segundo a letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "V", en calquera dos seus integrantes.

Publicarase mais información (orde de chamamento, alumnos/as e profesor/a de cada grupo, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

- **REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO** (especialidades de Piano e de Guitarra) e **CONXUNTO** (especialidade de Piano)

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Terá carácter presencial, polo que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

## MATERIAS INDIVIDUAIS

- INSTRUMENTO

- Asignación de profesor/a titor/a

- 1º. Asignarase o mesmo profesor/a que no curso anterior ao alumnado que non solicitara o cambio do mesmo, sempre que o profesor co que estudou teña horario dispoñible.
- 2º. Asignarase profesor/a ao alumnado que non poida continuar co seu profesor/a titor/a do curso anterior segundo os criterios establecidos.
- 3º. Atenderanse as solicitudes de cambio de profesor/a segundo os criterios establecidos, no caso de terse solicitado na matrícula.
- 4º. Asignarase titor/a o alumnado de novo ingreso segundo as preferencias indicadas na matrícula e aplicando os criterios establecidos.

- Criterios para a asignación de profesor/a titor/a

Dentro de cada un dos puntos anteriores o procedemento para a elección sempre irá de maior a menor curso. De coincidir dous ou mais alumnos do mesmo curso terá preferencia o alumnado con máis anos cursados no centro sen contar as repeticións e, en caso de empate, terá preferencia o alumnado de menor idade.

- Asignación de horario

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Terá carácter presencial, polo que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. O resto do alumnado de menor a maior idade sen prioridade de curso.

- PIANO COMPLEMENTARIO

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Terá carácter presencial, polo que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

## SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO E/OU HORARIO

Poderase solicitar cambio do grupo e/ou horario sobre os inicialmente adxudicados nos seguintes prazos.

- 1º PRAZO. Do 19 ata o 24 de xullo. Resolución o 28 de xullo.
- 2º PRAZO. En setembro, datas por determinar.

O centro comunicará por centrosnet, correo electrónico ou telefonicamente a resolución a cada un dos solicitantes.

***IMPORTANTE:*** *as datas e prazos deste documento poderán sufrir modificacións debido as necesidades organizativas do centro. Calquera modificación ou actualización deste documento será publicada na web do centro.*